

«Penso que paga a pena vivir en Carballo só por dispor desta biblioteca»

V. Couto, P. Blanco CARBALLO / LA VOZ

23 de xaneiro de 2019

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/carballo/2019/01/23/span-langglpenso-paga-pena-vivir-carballo-so-dispor-desta-bibliotecaspan/0003_201901C23C8991.htm

Vén de publicar *The Making Of*, unha «contranovela da emigración», como a ten definido para este mesmo xornal. Xavier Alcalá (Ciudad Real, 1947) pasou con esta obra por Carballo e fíxoo falando dela, antonte, na biblioteca Rego da Balsa. Mantivo alí un encontro cos asistentes ao club de lectura desta instalación: veñen de ler *A nosa cinza*, obra referente de Alcalá que tamén trataron, claro.

-¿Como foi a volta a Carballo?

-Fun moi ben recibido, coma sempre. Carballo é una vila grande, case tocando o dereito a chamarse cidade, onde hai xente ilustre e ilustrada. Xente que le libros e que os comenta. Un pracer.

-Pola capital de Bergantiños e a comarca ten vido moito. ¿Quizais era a súa primeira vez na biblioteca Rego da Balsa, non obstante?

-Si, a primeira. Na última ocasión estiven nun sitio con moito peso histórico, o Casino, pero desta volta vin esas magníficas instalacións... Penso que paga a pena vivir en Carballo só por dispor desta biblioteca municipal, toda unha marabilla. Chamoume a atención a cantidade de xente nova que había lendo, o cal contradí esa teoría de que os rapaces non fan máis ca estar acoplados ao desastre dos *maquinillos*. Xa en concreto, foi moi interesante o encontro que tiveron co grupo de lectura. Ocorreume unha cousa que me emociona moito: había unha señora que dixo que lera tantas veces *A nosa cinza* que xa non se lembra de cantas [ri].

-É un libro que a maioría leu.

-Podo falar en termos de datos de editorial. Decaeu, porque todos os libros teñen un período máis alto e un máis baixo, nos últimos catro ou cinco anos. Aínda así, o libro continúa saíndo, tamén fóra do circuíto escolar. Ten unha base social que fai que haxa sempre lectores. O que se conta aí é algo que non pasa co tempo: eu escribina, lérona os meus fillos e teño unha neta que

xa está na universidade e que foi unha das que armou o roteiro para seguir o que se narra en *A nosa cinza* en Ferrol. Ou sexa, que xa van tres xeracións.

-Que emocionante.

-Moito. Falámolo tamén na biblioteca de Carballo, porque había distintas idades. Entre os que estaban alí presentes, uns podían ser pais dos outros.

-¿«A nosa cinza» marcou un pouquiño a súa carreira?

-Voulle dicir a verdade, e que non nos escoite ninguén. Estou farto de que a xente me recoñeza por dúas cousas [ri]: por *A nosa cinza* e pola letra de *Teño saudade*, de Andrés do Barro. ¡Fixen bastante máis cousas! En realidade estou moi agradecido por esta resposta do público: os escritores somos moi vaidosos e o recoñecemento agrádese. *A nosa cinza* produce unha identificación inmediata da miña persoa. E tamén se fala de quen é quen dos que aparece no libro... Na biblioteca fixémoslo sobre un médico de Carballo que exerceu hai moito tempo e que pode ser perfectamente unha das personaxes da novela, porque foi compañeiro meu dende a primaria. Quedou a xente algo sorprendida e dixo unha señora: «Pois foi o meu médico!».

-E entre as moitas que fixo está a súa obra máis recente, «The Making Of». Tamén disto falaría no seu paso por Carballo.

-Si, e vano ler a continuación. Fíxenlles un adianto desta historia de cacos e xente mala que, no fondo, é unha novela negra. Mostreilles unhas transparencias de fotografías dos anos 30, en pleno nazismo, en Buenos Aires. A xente dicía: «¿Pero isto é posible?». Pois si. Hoxe botamos as mans a cabeza e pensamos que o nazismo é algo terrible. É máis, vivimos en Europa baixo a ameaza de fascismos e neofascismos. Pero daquela era unha cousa moi prestixiosa. O libro conta unha visión da emigración que é épica, pero tamén antiépica. Conta cousas de cacos galegos e nazis alemáns, todos revoltos nun merengue.

-¿Como de importante considera estas xuntanzas literarias?

-Hai que recordarlle á xente o que eu lles dicía aos meus alumnos de Ciencias da Comunicación: non hai medio máis multimediático que a literatura. Punto. Cando un vai ver unha película de guerra, non cheira a que cheira a guerra. Pero se alguén le, por poñer un exemplo, a primeira novela da triloxía *Evanxélica memoria*, na que se conta a batalla do Ebro, pois o narrador está continuamente contando a que cheira estar nunha trincheira. A pólvora. A volta á literatura é algo socialmente necesario e os clubs convértese nunha especie de sistemas de difusión do que o autor fai. Teñen unha posición crítica. Nalgún tenme pasado de ter que discutir con xente. Tómasese nota para na seguinte facelo mellor. Por iso son fundamentais. Dos labores máis satisfactorios que pode ter un escritor é enfrontarse ao crítico que todos levamos dentro, como fixen en Carballo. O que pasa é que quedei impresionado: o sitio a onde me levaron é un grande teatro, e nunca mellor dito.